- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realízase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non



poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós conductores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

24.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Ana María Novo Sieira

Visto o escrito presentado por **Ana María Novo Sieira**, de data 22/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.800), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 0724912NH0102S0001FH, situada en Avenida da Coruña, nº 32- RIBEIRA.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Emilio José Domínguez Rodríguez, de data 29/07/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: NOVO SIEIRA ANA MARIA

NIF: ***985***



02.DATOS DA PARCELA

Localización: AVD DA CORUÑA Nº 32- RIBEIRA

Ref. Catastral: 0724912NH0102S0001FH

Plano do PXOM: Planos nº 3.9 e 2.15 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0507 do PBA.

Plano do INVENTARIO: Planos do Inventario Municipal de Bens Públicos do Concello de Ribeira aprobado por pleno do 26 de febreiro de 2018.

03.ANTECEDENTES

03.01. Con data do 22.07.2025, obtén rexistro de entrada (RE.: ENTRADA: 202517800), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

- Plano de situación.

- Pago de taxas

04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para as que solicita información atópanse en solo urbano.

A parcela consultada atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 1ª - Residencial intensiva colectiva en manzan.** De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17 a), aplicaráselle o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

05.02.Réxime de autorizacións informe sectoriais:

No caso de que parcela este incluída no ámbito de afección dalgún organismo sectorial, deberá achegarse autorización do correspondente organismo ou, no seu caso, acreditación de ter presentado o mesmo a correspondente compunción previa ou declaración responsable.

- Segun PBA: Infraestruturas – Por estar na afección dunha vía da Axencia de infraestruturas AXI-AC-303 (estructurante)
- Segun o inventario o acceso a parcela e atreves de Dúas vías publicas.
- Segun a concesionaria de Auga e Desague o Ben inmovible conta con lineas polo seu frente.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

Artículo 150: Ordenanza 1ª.-Residencial intensiva colectiva en manzana.

1. Definición y ámbito.

Comprende esta ordenanza las áreas de suelo con densidad de población alta, destinadas para el uso residencial en su forma de vivienda colectiva con plantas bajas destinadas al uso terciario y sótanos a



aparcamiento.

Su diseño se apoya sobre la red viaria existente y la que se ha diseñado o completado mediante el presente planeamiento.

Es una ordenanza que se basa principalmente en una única alineación exterior o de manzana, a la que se le adjudican una o varias alturas máximas de cornisa en atención a la diferencia de cotas del viario.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición
Reforma
Ampliación
Nueva planta

2. Usos

Uso global: Residencial intensivo.

Uso característico: Vivienda colectiva

Uso admisible: Terciario de Comercio, Oficinas y Hostelería, Industriales en su nivel de talleres que no superen los umbrales de compatibilidad domésticos y Dotaciones de Interés Social, únicamente en plantas baja y primera.

3. Tipología edificatoria

Edificación cerrada entre medianeras que resolverá sus luces a través de las fachadas exteriores o a través de patios de parcela.

4. Parámetros de la edificación

4.1. Condiciones de la parcela

Parcela mínima: 100 m². Exceptuando las parcelas existentes entre dos ya consolidadas.

Frente mínimo: 6 m. Excepto parcelas entre medianeras.

4.2. Condiciones de ocupación

Ocupación máxima de la parcela: 100%.

Ocupación en Planta Baja: Fondo máximo: 25 m.

Ocupación en Sótanos: 100% de la parcela edificable.

Fondo máximo plantas de pisos: 18 metros.

Alineación: Las definidas en los planos correspondientes, con carácter obligatorio.

4.3. Condiciones de volumen

Número de plantas: Las definidas en los planos de ordenación, con la limitación del ancho de calle según lo establecido en las condiciones generales de edificación, salvo en las calles relacionadas en la siguiente tabla:

Rúa de Galicia: B + E + 2P + Ático	C/ Monumento: B + 3P + Ático
Avda. Do malecón y paseo das carolinas (de Romero Ortiz a Avda. de A Coruña): B + E + 4P + Ático	C/ Noro: B + 3P + Ático
C/ Cordierio: B + E + 3P + Ático	C/ Nueve de agosto: B + E + 3P + Ático
C/ Cristobal Colón (desde Praza da Igrexa a c/ Irmandiños): B + 3P + Ático	C/ Romero Ortiz (desde Malecón hasta Rúa do Toxo e Rúa da Canteira): B + 3P + Ático
C/ Gral. Franco: B + E + 2P + Ático	C/ Rosalia Castro: B + E + 4P + Ático
C/ Lagareu: B + 3P + Ático	Praza do Concello: B + E + 4P + Ático
C/ Lepanto: B + 3P + Ático	Avda. Ferrol (desde Padín hasta Corredoira Morta - Carretera de Comandante): B + E + 2P + Ático
C/ Mariño de Ribeira: B + E + 3P + Ático	Avda. Pérez Galdós: B + E + 2P + Ático
C/ Miguel Rodríguez Bautista: B + E + 3P + Ático	Prolongación rúa Escorial: B + 4P + Ático

Altura de cornisa: Para determinar la altura máxima, se consideraran 3,50 m. para la planta baja, 3 m. para las plantas altas en caso de uso residencial, que podrá aumentar a 3,20 m. para los usos terciarios y dotacional de equipamientos.

Altura de coronación: La cumbrera se situará en una cota máxima de 4 metros por encima del último forjado.

4.4. Elementos arquitectónicos

Se autorizan las construcciones de bajo cubierta con un peto en línea de fachada de 1,00 m. de




altura máxima.


Se autorizan vuelos según las condiciones generales de edificación, y con una superficie acristalada mínima del 30% y una ocupación máxima del 80% de la superficie de la fachada, excluida la correspondiente a la planta baja.

Vuelos máximos de cornisas y aleros serán 0,4 metros.

Los patios de luces se regirán por la Normativa establecida en el Decreto 311/1992 en función de la altura y uso.




Plano nº 3.9 do PXOM. SÓLO URBANO.



Plano nº 2.15 do PXOM.





Plano nº 0151A-0506 do PBA.



Planos concesionaria de Viacua donde esta as Canalizacións de Auga potable e Saneamento.

25.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

15463 24.06.2025 M^a ANGELES MARTÍNEZ CADABAL, comunicación previa de primeira ocupación de vivenda unifamiliar illada, na Estrada Xeral, nº 48, Castiñeiras.

26.- VAO PERMANENTE – Ángel Blanco Tomé

Visto o escrito presentado por **Ángel Blanco Tomé**, de data 28/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.790), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Alcalde Bermúdez, nº 45 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 29/07/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- a) **Conceder a Ángel Blanco Tomé**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,60 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Alcalde Bermúdez, nº 45 (Ribeira), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

27.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN) – Alberto Gude Riveiro

Visto o escrito presentado por **Alberto Gude Riveiro**, de data 18/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.599), no que solicita a ampliación do vao permanente con nº de licenza 14/07 situado na Rúa Amarella, nº 9 (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 29/07/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Alberto Gude Riveiro**, autorización para a ampliación do vao permanente con nº de licenza 14/07 situado na Rúa Amarella, nº 9 (Ribeira), con ampliación de marca vial lonxitudinal continua amarela nun metro (0,50 m. a cada lado) (Total 4,00 m), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da nova praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal e metros, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

28.- VAO PERMANENTE (AMPLIACIÓN) – Comunidad General Edificio Faro de Aguiño

Visto o escrito presentado por María Dolores López Vázquez en representación de **Comunidad General Edificio Faro de Aguiño**, de data 03/07/2025 (Rexistro de entrada nº 16.462), no que solicita a ampliación do vao permanente situado na Rúa Tasca, nº 2-B (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 28/07/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Comunidad General Edificio Faro de Aguiño** autorización para a ampliación do vao permanente situado na Rúa Tasca, nº 2-B (Aguiño), con ampliación de marca vial lonxitudinal continua amarela en dous metros (1,00 m. a cada lado) (Total 5,00 m), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da nova praca de vao permanente, co correspondente



número de licenza municipal e metros, para que proceda á súa colocación en lugar visible.

29.- ACHEGA CONCEDIDA Á ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA DO POBO SAHARAUÍ (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Visto o informe de xustificación documental e pagamento de subvencións emitido pola Xefa de Servizo dos Servizos Sociais Comunitarios, María Francisca Vidal Regueira, de data 02/07/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharauí.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 23/07/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Solidariedade Galega do Pobo Saharauí; polo importe de 1.500,00 €, en concepto de subvención.

30.- DACIÓN DE CONTA DO AUTO Nº 193/2025 DA AUDIENCIA PROVINCIAL DA CORUÑA - SECCIÓN Nº 6 (DESPL)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Auto nº 00193/2025, de data 23/06/2025, remito pola Audiencia Provincial de A Coruña – Sección nº 6 (Despl.), polo que se desestima o recurso de apelación interposto por Albeto Maneiro Linares e Ainhoa Delgado Rojo contra o Auto de 19/03/2025, ditado nas Dilixencias Previas co nº 199/2024 se tramitan no Xulgado de Primeira Instancia e Instrucción nº 1 de Ribeira, que se confirma.

31.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Miniño Millán (PRAIA DO TOURO)

VISTO o escrito presentado por **Daniel Miniño Millán** en representación establecemento “Chiringuito Praia do Touro” (Ribeira), de data 28/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.945), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Praia do Touro” (Ribeira), o día 02/08/2025, no horario de 13:00 h. a 17:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Daniel Miniño Millán**, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Praia do Touro” (Ribeira), o día 02/08/2025, no horario de 13:00 h. a 17:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante,



representante ou promotor/a de “Chiringuito Praia do Touro” (Ribeira) (**Daniel Miniño Millán**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:



- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

32.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Miniño Millán (AREA SECADA)

VISTO o escrito presentado por **Daniel Miniño Millán** en representación establecemento “Chiringuito Area Secada” (Ribeira), de data 28/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.943), no que solicita permiso para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Area Secada” (Ribeira), o día 02/08/2025, no horario de 17:00 h. a 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a **Daniel Miniño Millán**, para evento musical no exterior do establecemento hostaleiro “Chiringuito Area Secada” (Ribeira), o día 02/08/2025, no horario de 17:00 h. a 21:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Chiringuito Area Secada” (Ribeira) (**Daniel Miniño Millán**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*



- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais,



procederáse a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

33.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN 2ª EDICIÓN CONCURSO DE ESCULTURAS

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado do Mar, Fernando Abrales Pérez, de data 28/07/2025, en relación á autorización para a celebración da 2ª edición do “Concurso de Esculturas”, no que expón:

“Que se vai a celebrar a segunda edición do “CONCURSO DE ESCULTURAS” o sábado 2 de agosto en quenda de mañá en horario de 10:00 a 14:00 horas na Praia da Robeira de Corrubedo, solicitando:

Autorización para levar a cabo a 2ª edición do “CONCURSO DE ESCULTURAS” o sábado 2 de agosto pola mañá na Praia da Robeira de Corrubedo.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración na Praia da Robeira de Corrubedo a 2ª edición do “CONCURSO DE ESCULTURAS” o sábado 2 de agosto pola mañá.
- Dar traslado deste acordo ás Concellarías de Cultura e Mar e á Policía Local para o seu coñecemento.

34.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DE OLVEIRA

Vista a proposta de Francisco Suárez-Puerta Colomer, Concelleiro delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, na que expón:

*“Con data 28 de xullo de 2025, tivo entrada no Rexistro electrónico municipal (sede electrónica 2025-17944) a solicitude presentada por Jose Manuel Martínez Suárez, en representación da Asociación Cultural As Dunas, na que se interesa a autorización para a celebración das **Festas Patronais de Olveira** -Ribeira, os días **14 ao 17 de agosto de 2025**, no Adro da Igrexa -lugar de Bretal desta parroquia.*

A solicitude inclúe as seguintes peticións:

- 1. Autorización para a celebración dos eventos das festas nos días indicados.**
- 2. Servizo de limpeza e reforzo de contenedores.**
- 3. Convida a Corporación Local aos eventos.**

Consta no expediente:

- *Manifesta que habrá verbenas con Orquestra e discoteca móbil (día 14); Sesión vermú, Xogos infantís e verbenas con discoteca móbil (día 15); Verbena con discoteca móbil (día 16); Partidos de fútbol no Campo das Dunas (día 17).*
- *Engádesse á solicitude Declaración Responsable asinada polo interesado e que foi recibido no correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.gal na data 28/7/2025.*

*Lémbrese á entidade organizadora que, conforme á **Lei 10/2017, do 27 de decembro**, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o **Decreto 226/2022**, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá, deberán cumprir coas seguintes obrigas:*



Obrigas da entidade organizadora

1. Seguros obrigatorios

- Dispor dunha **póliza de responsabilidade civil en vigor**, cos capitais mínimos establecidos polo **Decreto 226/2022**, do 22 de decembro.
- Presentar o **xustificante de pagamento** da póliza correspondente ao período da actividade.

2. Proxecto técnico e responsabilidade

- Presentar un **proxecto técnico asinado por persoa competente**, que inclúa:
 - Actividades previstas (concertos, bailes, etc.)
 - Aforos e horarios.
 - Descrición de carpas, escenarios e demais elementos estruturais.
- Acreditar quen asumirá a **responsabilidade técnica da execución**, mediante documento asinado.
- Presentar unha **certificación final de adecuación** emitida por esta persoa responsable.

3. Instalacións e atraccións

- Para cada estrutura ou posto (escenarios, barracas, atraccións...):
 - **Certificado técnico de montaxe.**
 - **Seguro específico de responsabilidade civil e xustificante de pagamento.**
 - **Taxas de ocupación de vía pública**, se corresponde.

4. Electricidade e xeradores

- Presentar **boletíns eléctricos** das instalacións temporais segundo a **Instrución 2/2018** da Dirección Xeral de Enerxía e Minas.
- En caso de usar **xerador**, achegar certificado de inspección industrial.

5. Actividades con lume ou risco de incendio

- Solicitar autorización para **fogos artificiais, foguetes, globos ou calquera artefacto con lume**, se se prevé o seu uso.
- Cumprir coa normativa sobre **prevención de incendios forestais**.
- **Asumir a responsabilidade polos danos** ou incendios que se poidan producir.

6. Dereitos de autor

- Xestionar e abonar á **SGAE** ou entidade correspondente os dereitos de autor polas actuacións musicais.

7. Outras autorizacións

- Obter calquera **autorización adicional doutras administracións públicas** ou entidades privadas, se fose necesaria.

Colaboración municipal prevista

Concello de Ribeira, dentro das súas posibilidades e dispoñibilidade de medios, comprométese a:

- **Autorizar** a celebración das Festas Patronais de Olveira, os días 14 ao 17 de agosto de 2025 no lugar de Bretal parroquia de Olveira-Ribeira.
- **Establecer un horario límite de actividade ata as 5:00 h** nas madrugadas do venres ao sábado e do sábado ao domingo.
- Prestar **apoio loxístico e operativo**, incluíndo:
 - **Servizo de limpeza e reforzo de contenedores nos días de festa.**
 - **Sinais e valado temporal** que puidera ser necesario na procura da ordenación do tráfico vial e seguridade peonil.

Lembranza final

A entidade organizadora é responsable do cumprimento **íntegro da normativa aplicable**, sendo susceptible de sancións ou suspensión de actividades no caso de incumprimento.”



A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

- Autorizar a celebración das Festas Patronais de Olveira, os días 14 ao **17 de agosto de 2025**.
- Establecer como **horario límite** das actividades as **5:00 h** da madrugada.
- Prestar colaboración municipal en servizo de limpeza, reforzo de contenedores, sinais e valado, segundo a dispoñibilidade.
- Comunicar á entidade organizadora o conxunto das obrigas e requisitos legais expostos.
- Dar traslado deste acordo aos departamentos que corresponda o seu coñecemento e concretamente á **Policía Local** e **GAEM**.

Trasladar a invitación da entidade organizadora das Festas Patronais de Olveira a Corporación Local deste Concello.

35.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Fernando Varela Rodríguez (ALOHA)

Visto o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Aloha**, de data 23/07/2025 (Rexistro de entrada nº 17.858), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 02/08/2025, en horario de 21:00 h. a 05:00 h.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 02/08/2025.
- **Non se autoriza a instalación de autofalantes no exterior do local.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

36.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALAR BARRA EXTERIOR – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

Visto o escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño**, en representación do establecemento hostaleiro **Bar Clandestino**, de data 29/07/2025 (Rexistro de entrada nº 18.110), no que solicita autorización para a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, os días 30/07/2025 e 01/08/2025, en horario habitual de apertura.

A **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dunha barra exterior fóra do seu establecemento, o día 01/08/2025, en horario habitual de apertura.
- **Non se autoriza a instalación de autofalantes no exterior do local.**
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



37.- BAIXA DE POSTO NO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Eva Castro Lavandeira

Visto o escrito presentado por Lestrove Gestión, S.L. en representación de **Eva Castro Lavandeira**, de data 10/02/2025 (Rexistro de entrada nº 3.134), no que solicita a baixa no posto do Mercado Municipal de Ribeira, no que exerce a actividade de venda de flores, desde a o día 14/11/2024, data na que tramitou a baixa da actividade.

Vista a documentación que consta no expediente

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda aprobar a baixa** solicitada por Eva Castro Lavandeira no posto do Mercado Municipal de Ribeira, no que exerce a actividade de venda de flores, desde a o día **14/11/2024**, data na que tramitou a baixa da actividade.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 13:45 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

